Magnífica humanitas: partitura dun canto á esperanza

Sonia Olea Ferreras[1]

1.- A modo de xanela

Remata León XIV *Magnífica Humanitas* (en diante MH) propoñéndonos ser como María de Nazaré. Non de calquera forma, non só deixándonos arrolar no colo de Deus infinito de tenrura, como nai-pai que é da humanidade enteira, toda ela. Ou por lanzarnos a nadar o seu soño do reino de paz, xustiza, amor e liberdade, asolagadas de confianza plena. Non é suficiente.

León pídenos un pasiño máis ás persoas que habitamos este mundo, como fixo ela, que sexamos «tecedores de esperanza» (245[2]). Esa é a guía para estas liñas. Asomarnos a (MH) desde a xanela pequeniña da súa proposta final.

A miña avoa Xoana tiña un poder máxico. Era quen de facer calquera cousa cun fío ou cunha la entre as mans: desfiado (o propio do seu pobo de Toledo, Valdeverdeja, veciño de Lagartera), festón, punto de cruz, gancho (ou *croché*, como dicimos en Chile), punto a dúas agullas, bordado dobre, triplo ou o que fixese falta. Pero, ademais, tiña un don case único: remendar. Remendalo todo: desde o roto do pantalón, da media, do calcetín, do pano de cociña ao bordado exquisito da saba de fío. Imperceptíbel. Os seus dedos conseguían que non distinguises que fío estaba antes e cal chegara despois.

1 Licenciada en Dereito.

2 Os números entre parénteses refírense aos números da encíclica.